

PREGÓN DA SEMANA SANTA 2010

Por *Carlos Nuevo Cal*
(Cronista Oficial de Viveiro)

PÓRTICO

Aínda que os desfiles procesionais de carácter ritual, cerimonial, conmemorativo ou mesmo de homenaxe foron do máis usual durante a antigüidade grecolatina e a Idade Media, as primeiras novas coñecidas sobre os denominados actos pasionais, fan referencia inicialmente á celebración entre os primeiros cristiáns da Vixilia pascual e o Misterio da Morte e Resurrección de Cristo. Posteriormente, no século IV, grazas á viaxe que realizou aos Santos Lugares a monxa galega Exéria ou Etheria, que visitou Exipto, Palestina, Siria e Arabia, coñeceríanse na cristiandade europea os oficios e as celebracións da liturxia durante as festas da Pascua e a Semana Santa.

Porén, para falar da orixe da Semana Santa baixo medieval que tanto influiría na actual, habería aínda que agardar ás predicacións realizadas, en 1410, por de San Vicente Ferrer, en Medina del Campo (Valladolid); momento no que se instauraron as primixenias procesións de disciplinantes. Estas tiñan un marcado carácter penitencial ou mesmo penitenciario, pois non debemos esquecer o importante rol que sempre desenvolveu a Igrexa no mantemento da moral e da estrutura social, así como a súa capacidade para perdoar e redimir a expiación das faltas e pecados por medio das penitencias.

UNHA SEMANA SANTA DE ORIXES MEDIEVAIS

A temperá presenza na nosa localidade de dúas das ordes mendicantes máis populares da Idade Media,

os franciscanos e os dominicos que ergueron os seus cenobios entre os anos de 1214 e 1285, respectivamente, deixou unha fonda pegada no tempo e na particular idiosincrasia da celebración dos misterios da Paixón.

O ambiente de pobreza, de desprendemento do mundo material e de fonda espiritualidade que predicaban os frades encaixaba perfectamente coa relixiosidade popular medieval, propia dunha sociedade eminentemente teocéntrica, na que todo xiraba entorno a Deus e onde a vida estaba considerada como un simple paso, como un “val de bágoas” previo á eternidade. O labor doutrinal e penitencial dos mendicantes axudaría á creación e paulatino florecemento das diversas irmandades e confrarías con fins claramente relixiosos, fraternais e caritativos. Deste xeito os confrades agrupábanse baixo a advocación dun santo protector, organizando regularmente distintas solemnidades de tipo relixioso, aínda que sen esquecer o carácter benéfico e de axuda asistencial, sobre todo nuns momentos en que as ordes mendicantes revalorizaban coas súas predicacións o valor do traballo e da pobreza.

En Viveiro, burgo artesanal e comercial, axiña se constituíron tamén diversos gremios, formados por agrupacións profesionais de oficiais, aprendices e mestres que traballaban no mesmo oficio. Así sabemos da existencia de catro gremios que acadarían grande importancia nesta época: o dos mareantes, que tiña por patrón a San Luís, Bispo de Tolosa; o do Espírito Santo, formado por carpinteiros, canteiros, oleiros e ferreiros; o dos zapateiros, albardeiros e curtidores, cuxo titular era San Bar-



FOTOGRAFÍA: FOTO PRIETO

tolomeu e, finalmente, o dos alfaítes, tecedores, tundidores e cordeiros, baixo a advocación da Santísima Trindade.

Evidentemente, os gremios, confrarías e irmandades constituían unha parte moi importante da estrutura social e de poder da época, motivo polo que participaban na maior parte dos actos de inclusión que se celebraban na vila seguindo o ciclo do ano ou calquera outro acontecemento singular como os natalicios, casamentos e defuncións reais, as entradas dos bispos, etc.

No convento viveirés de San Francisco constituíronse diversas confrarías, aínda que as máis intimamente relacionadas coa Semana Santa local serían a da “Vera Cruz” ou dos sacerdotes e cabaleiros da vila, a da “Purísima Concepción” e a “Venerable Orde Terceira de Penitencia”, de orixe franciscana constituída por segrares.

A confraría da “Vera Cruz” impúxolle ao cenobio franciscano a obriga de oficiar en varios cultos e dúas procesións polas rúas da localidade, o Domingo de Ramos e o Xoves Santo, pagando anualmente oito



FOTOGRAFÍA: FOTO PRIETO

reais de esmola, unha fanega de trigo, unha barrica de viño de vintecinco azumes, un carneiro, todo o preciso para o lavatorio do Xoves Santo, colación aos frades e a cera para o enterro dos mesmos, todo o cal correría por conta dos mordomos.

Ao igual que no convento de San Francisco, en todas as igrexas parroquiais e nos distintos mosteiros da localidade existían diversas confrarías, aínda que a única relacionada coa celebración da Semana Santa era a de “Nosa Señora do Rosario” ou dos nobres, chamada así por pertencer a ela as familias máis distinguidas da vila.

Fundada no século XIV, coñecemos actualmente os dezaioito artigos das súas constitucións reformadas en xuño de 1665. A esta confraría correspondíalle organizar as funcións do Domingo de Ramos (con sermón e procesión de palmas polo claustro do mosteiro), os actos do Descendemento e do Desencravo, no serán do Venres Santo, e máis a procesión do Santo Enterro. Ademais dos seus confrades, tiña a obriga de asistir a todas as celebracións desta confraría a comunidade de San Domingos que se encargaba de predicar os sermóns.

As representacións da Paixón de Cristo estaban asociadas aos Autos Litúrxicos que se celebraban inicial-

mente de noite ou ao amencer, para conmoer e intensificar máis a piedade popular, pois antigamente era frecuente asociar as tebras coa dor. Durante a noite de Venres Santo era costume que a maioría dos visitantes dos arredores pasasen a noite na antiga igrexa parroquial de Santiago, na actual praza Maior, pois existía o costume de velar a cristo nas igrexas, facendo lumes dentro das mesmas. Este tipo de prácticas foron prohibidas polo Bispo mindoniense Fr. Antonio de Guevara nas Constitucións sinodais do 31 de maio de 1541.

TEMPOS DE CONTRARREFORMA

Coa chamada Contrarreforma, a Igrexa católica tratou de opoñerse á relixión intimista, racionalizada e individualizada do Protestantismo, establecendo un dogma pechado e ordenado no Catecismo tridentino, que tiña a avantaxe de ser claro, directo, concreto e doadamente comprensible. Ademais foron moitas as previsións ditadas para evitar a influencia das doutrinas protestantes, para controlar a entrada de opúsculos e libros que as propagasen ou, mesmo, para combater actitudes consideradas irreverentes durante as representacións da Semana Santa,

sobre todo por parte dos estranxeiros que arribaban frecuentemente aos portos de Viveiro e Ribadeo.

O éxito que acadaban, en xeral, os distintos tipos de escenificacións públicas entre as clases populares foi tal que o amentado bispo Fr. Antonio de Guevara, nas referidas constitucións sinodais, prohibía as chamadas “representaciones y farsas del mundo”, confirmando, en troques, autorización para a procesión da Santa Vera Cruz.

Outro tanto acontecía co peche da igrexa de Santiago, que pese ás prohibicións anteditas continuaba sendo o lugar de reunión de moitos fieis da bisbarra, durante a noite do Venres Santo, previa ao Encontro. Co obxecto de cortar de raíz este problema, o Bispo Fr. Juan Antonio Muñoz y Salcedo ordenáballe en 1711 ao párroco desa igrexa “que desde las onze de la noche asta el dia siguiente se cierren las puertas della y el fabricario, con otros quatro onbres a satisfacion del cura se queden pa. que la guarden y no dejen entrar a ninguno”.

As prohibicións reiterábanse, máis continuaban celebrándose tamén as procesións nocturnas de Xoves e Venres Santo, o que obrigou ao Bispo Frei Alejandro Sarmiento de Sotomayor, durante a visita realizada o 2 de agosto de 1735, a amenazar aos cregos infractores coa imposición da pena de excomuñón maior e dous mil marabedís de multa.

Ao longo dos séculos XVII e XVIII, moitas confrarías e irmandades foron esmorecendo ata a súa total desaparición. Así, o día 6 de febreiro de 1728, o Padre Gardián do convento de San Francisco de Viveiro, Frei Francisco Bonilla, expediu unha certificación facendo constar que tanto a irmandade da “Purísima Concepción” como a da “Vera Cruz” estaban extinguidas dende había vinte anos, por falecemento de todos os confrades. O entón bispo de Mondoñedo, Frei Juan Muñoz Salcedo, asinou un decreto ao mes seguinte, concedéndolle á “Terceira

Orde” os efectos e alfaias das referidas confrarías, coa obriga de cumprir do mellor xeito posible as cargas destas, entre as que estaban as procesións do Domingo de Ramos, a celebración do Xoves Santo e o lavatorio de pés.

Uns anos despois, en concreto o 24 de febreiro de 1733, os “terciaríos” e os frades franciscanos acordaron a realización das dúas procesións anteditas coa asistencia de ambas as dúas comunidades, que acudirían exclusivamente coas insignias da “Terceira Orde”. Esta aínda reforzaría o seu rol nos labores organizativos da Semana Santa viveiresa logo da inauguración da súa capela, en 1742. Antes desa data, a irmandade celebraba as súas funcións na Igrexa conventual, venerándose a imaxe do “Ecce—Homo”, que era da súa propiedade, no retábulo de San Brais.

As confrarías e irmandades dispuñan nestas datas de distintas imaxes procesionarias, destacando o referido “Ecce—Homo” e a chamada “Oración no Horto”, tamén coñecida por Xetsemaní. Outras eran articuladas, para dar maior impresión de realismo, como o “Nazareno” ou o “Cristo cravado na Cruz”.

Nos últimos decenios do s. XVIII verificase un certo auxe das procesións, coas renovacións ou adquisicións de novas imaxes como a “Dolorosa” (mercada en 1741), o “San Xoán Evanxelista” e a “Verónica” do Encontro. Polo demais, a celebración da Semana Maior continuaba xirando principalmente arredor de dous grandes acontecementos pasionais por excelencia: o “Encontro” e o “Desencravo”. Tratábase de senllos actos que gozaban da maior das popularidades, proba palpable do éxito do barroco como arte publicitaria, que axudaba a exaltar a liturxia e os actos pasionais a través dunha relixión social e colectiva, capaz de chegar a conmover a grandes multitudes.

O recurso ao realismo das imaxes sagradas (con efectos extra—escultóricos como o pelo natural e os ollos

vidrados do Cristo do “Desencravo” ou da “Dolorosa” do “Encontro”, o uso de panos e vestiduras reais, o movemento das figuras articuladas, etc.) contribuía para dar sensación de vida ás imaxes, aproximando totalmente aos espectadores ao drama da Paixón. A isto hai que sumar a palabra e a teatralidade do predicador, que empregaba sempre unha linguaxe moi didáctica, chea de imaxes capaces de penetrar nos sentidos máis íntimos de todos os participantes.

Sen dúbida, o efectismo dos actos pasionais chegaba a tal extremo que na misa solemne do Domingo de Pascua, celebrada no desaparecido convento de San Domingos, un neno vestido de anxo suspendido artificialmente en cables ascendentes e descendentes subitamente despoixaba á Virxe do Rosario do seu manto ao canto xubiloso do “Reina del cielo, alégrate, porque tu Hijo resucitó, como había dicho.”

OS AVATARES DO SÉCULO XIX

Durante o primeiro decenio do século XIX, a Semana Santa local continuou co proceso de expansión iniciado na centuria anterior, destacando sobre todo o encargo que lle fixo a “Terceira Orde” franciscana ao escultor Juan Sarmiento, natural de San Cibrao, para que esculpise as imaxes de vestir de Xesús e os apóstolos.

O grupo escultórico do Apostolado saíu por vez primeira na Semana Santa de 1808, na procesión da tarde do Xoves Santo. Segundo conta a tradición, foron moitos os veciños da localidade de San Cibrao os que acudiron á vila do Landrove para ver o novo paso, recoñecendo nas facianas dos apóstolos a moitos dos mariñeiros daquel porto, que tiñan servido como modelos ao artista, incluído un que seica lle adebedaba cartos e que, por tal motivo, serviu para recrear a faciana de Xudas...

Curioso resulta tamén o costume que ano tras ano oficiaban determinadas familias pertencentes á “Terceira Orde” de elaborar, con receita secreta, un roscón (o “pan dos Apóstolos”) para colocar sobre a mesa deste paso procesional e repartir ao final da procesión entre as amizades.

Non obstante, este relativo apoxeo da Semana Santa local axiña se vería truncado durante os lutosos días da invasión francesa, que tanto afectaron aos conventos, sometidos a saqueo logo da decidida intervención de moitos frades franciscanos contra o exército napoleónico. Dos fusilamentos de viveireses, da pillaxe e das demais escaramuzas entre a paisanaxe e o exército regular francés ficou fixada na memoria colectiva a belida lenda do chamado “Ecce—Homo dos franceses”, que foi recollida baixo o pseudónimo de “Licenciado Pravío” por Ramón Villar Ponte.

Cando os efectos da invasión francesa comezaban a seren superados, a Semana Santa da localidade veríase gravemente afectada por novos acontecementos provocados polas guerras entre liberais e carlistas, os procesos desamortizadores, a reforma do clero regular, o desmantelamento do poder material da Igrexa e a exclaustración de 1835.

Chegados aquí quixera dar unhas lenes pinceladas sobre o que supuxo para Viveiro o proceso desamortizador. Pois ademais da venda, en subhasta pública, de numerosas propiedades eclesiásticas, producíronse os derrubes da igrexa parroquial de Santiago, sita na actual praza Maior e do convento de San Domingos, na antiga feira. En adiante, como sabemos, a igrexa conventual de San Francisco pasaría a seren a parroquial, utilizándose o convento como escola pública, cárcere do partido, xulgados, etc. Pola contra a igrexa e o cenobio de San Domingos foron derrubados na súa totalidade, empregándose os seus materiais na cons-

trucción de distintas obras públicas e privadas. Os diferentes gobernos liberais de carácter municipal, procederon non só á demolición dos edificios relixiosos, senón tamén de moitas das arcadas defensivas como a de San Antonio, Santa Ana e as Angustias. Entre as razóns alegadas para a realización desta desfeita artístico—cultural falouse, entre outros motivos, da busca de novos espazos públicos e comerciais, da realización da nova praza maior, da construción dun peirao que fora dende a ponte ata a punta do Lodeiro e do inicio das primeiras rúas empedradas da localidade, pois ata ese momento eran todas de terra e cada veciño debía encargarse do varrido ou amaño da súa beirarrúa. Ademais o Concello procedeu a cambiar os nomes das rúas, a numeración das casas e a colocación dos primeiros farois do alumeadado público. O proxecto do discutido Viveiro moderno que saía de intramuros na busca de novos espazos urbanísticos estaba en marcha, mais as tirapuxas entre os gobernantes liberais e a igrexa local aínda permanecerían abertas longo tempo.

Debido ao proceso de exclaustación que obrigou aos frades a ter que abandonar a localidade, tiveron que asumir plenamente os labores organizativos da Semana Santa viveiresa os leigos das populares ordes terceiras.

Así nestes anos, coincidindo co derrube do convento de San Domingos, en 1851, a confraría de “Nosa Señora do Rosario” pasou á capela das Dores da igrexa parroquial de Santa María do Campo e dende entón ten ao seu cargo a celebración do “Sermon da Negación”, na tarde do Xoves Santo, así como o auto pasional do “Descendemento” e a procesión do “Santo Enterro” na do Venres.

Pola súa banda, a V.O.T., en cumprimento do xa citado compromiso que asumira en 1733, encargaríase no sucesivo da realización de dúas procesións públicas: a do Domingo de Ramos e a do Xoves Santo, ambas pola tarde e antes de que se fixese de noite, para non desobedecer ás Sinodais.

A única procesión que dende sempre se veu celebrando pola noite é a da Virxe da Soidade, coñeci-

da popularmente como “Dos Caladiños”, que organiza a VOT na madrugada do Venres Santo.

Outra procesión moi antiga é a do “Encontro da Virxe coa Eucaristía”. Celébrase actualmente no adro de Santa María do Campo na mañanciña do Domingo de Pascua e está organizada pola confraría do Rosario.

En resumo, se realmente era importante o rol que viñan xogando dende moi antigo as chamadas “terceiras ordes” (franciscana e dominica), no referente ao mantemento dos cultos e á organización das procesións, logo da exclaustación e debido ao estado de debilidade en que quedou a Igrexa local, o seu papel aínda se agrandaría moito máis.

A crise na que se vira sumida a Igrexa católica comezaría a recuperarse pouco a pouco, especialmente coa sinatura do primeiro acordo Igrexa—Estado, cos Concordatos, coa reimplantación das comunidades relixiosas e coa lei de Asociacionismo que achegaríase azos coa constitución de distintas asociacións católicas a nivel local.

“ACTO DEL DESENCLAVO EN EL ATRIO DE SANTA MARÍA” — FOTOGRAFÍA: JUAN FEAL



Pese a todo, existiron momentos de crise importantes por mor do descenso considerable no número de confrades. Mais, unha das maiores crises que padeceu a Semana Santa de Viveiro, debemos situala entre 1888 e 1898 con motivo dos enfrontamentos entre o entón crego da parroquia de Santiago, Manuel Rouco, e o Ministro da VOT, Robustiano Iglesias Piñeiro, por diferenzas de xurisdición e por negarse o clero a predicar na Orde Terceira. A disputa levou á suspensión das procesións durante anos, celebrándose unicamente os actos e pasos organizados pola “Confraría do Rosario”, allea ao conflito, chegándose á esperpéntica situación de representarse o “Encontro”, no ano 1894, sen presenza de ningún clérigo. Así o relataba o semanario local El Vivariense:

(...) “Como haya unos cuatro años que no se celebra este maravilloso paso (o “Encontro”), que representa una escena grave, seria y conmovedora, la concurrencia de fieles, ávida de presenciarla, fue numerosa. Pero resultó deslucida en todas sus ceremonias. Solían desempeñarlas virtuosos sacerdotes; y este año, hacían sus veces gente lega, los hermanos discretos y sus adlátares, circunstancia que desvirtuó por completo la verdadera representación del acto religioso, dándole el carácter de una pantomima cívica”.

As tirapuxas aínda continuarían algún tempo, ata que a morte do párroco en outubro dese mesmo ano e o posterior cese do ministro terciario en agosto de 1898, fixeron posible o remate do enfrontamento e o rexurdimento dos actos da Semana Santa organizados pola “Orde Terceira” e a “Confraría do Rosario”.

Cada ano, ao se aproximar a Semana Santa, ambas entidades terciarias ultimaban todos os aspectos relativos á boa marcha dos oficios e procesións competindo coa parroquia de Galdo á hora de traer aos mellores predicadores.

O SÉCULO XX. NOVOS PASOS E CONFRARÍAS

Coa entrada do novo século XX produciuse a recuperación e consolidación definitiva da secular Semana Santa de Viveiro, momento no que a confraría do Rosario tomou a iniciativa de engadir novas imaxes aos tradicionais pasos procesionais. A historia, dun xeito moi resumido, sucedeu do seguinte xeito: en 1907, coincidindo cun forte incremento do anticlericalismo republicano e socialista, manifestado a nivel local a través dos semanarios El Vivariense (2ª época, 1906—1915) e Germinal (1907) o entón párroco de Santa María do Campo, o vilalbés, Antonio Nieto Prieto, xunto co presbítero e vicario da confraría do Rosario, Manuel Fernández Cao, fixeron diversos chamamentos públicos para incrementar o número de confrades, dado o “escasísimo” número co que contaban.

Aínda que a resposta aos chamamentos realizados foi realmente escasa, a tenacidade e empeño persoal de Fernández Cao servirían para levar adiante un dos proxectos máis ambiciosos da Semana Santa viveiresa. Diante da falla de recursos para acadar a compra de novas imaxes, Cao comezaría un ilusionante labor para tratar de conseguir a substitución da vella e popular imaxe articulada do “Santo Cristo Xacente” do “Santo Enterro”, pertencente aos dominicos, polo actual “Cristo Xacente” de José Tena.

A primeira iniciativa económica que tomou Fernández Cao para a consecución do seu proxecto consistiu en mercar un billete de lotaría para o Nadal de 1907, feito que repetiu ao ano seguinte co número 24.456, ofrecendo participacións a todas as persoas que o desexasen e deixando un real de beneficio para a Confraría do Rosario por cada fracción de peseta.

Se ben nun primeiro momento tan só se lle encargou a imaxe do

Cristo Xacente ao escultor valenciano José Tena, axiña o comerciante José Pérez Menor e a súa dona Carme Llotse Telle, decidíronse a doar á confraría do Rosario unha nova imaxe da Virxe dos Dores (a actual María ao pé da Cruz), que esculpiría o tamén artista valenciano, Modesto Quilis. Aínda que descoñecemos os motivos polos que foron encargadas as imaxes a Valencia, si podemos subliñar a existencia de distintos contactos entre a nosa localidade e a cidade do Turia, nalgúns casos a través dalgunha familia de orixe valenciana, establecida aquí, ou mesmo por relacións comerciais, pois eran varias as casas de asentadores salazoneiros de Almería e Alacant que mantiñan fluídas transaccións cos comerciantes viveireses. Así, o mesmo cuñado de Manuel Fernández Cao, Domingo Franco, comerciante e fomentador de pesca, era tamén consignatario na localidade dos vapores regulares “Ibarra”, sociedade que facía semanalmente a ruta de Valencia con escala fixa, feito que seguramente tiivo moito que ver coa elección dos imaxineiros valencianos.

Na Semana Santa de 1908, ademais da adquisición por parte da confraría do Rosario, das imaxes do “Cristo xacente” e de “María ao pé da Cruz” para a súa procesión do “Santo Enterro”, na parroquia de Santiago—San Francisco a “Terceira Orde” tomou ese mesmo ano a decisión de celebrar o primeiro centenario do paso do “Apostolado” (realizado en 1808 polo artista Sarmiento, de San Cibrao) coa estrea dunha nova imaxe de José Tena: “A Flaxelación”, coñecida popularmente como o “Cristo da Columna”.

A nova talla mercouse logo dunha colecta realizada a nivel popular entre todos os viveireses. Para levar a cabo a recadación, a VOT constituíu tres comisións ou seccións, integradas por un amplo número de “señoritas”, que se encargaron de postular polas distintas parroquias.

O impulso e entrega do presbítero Manuel Fernández Cao continua-

ría ata a celebración da Semana Santa de 1919, pois finiría o día 20 de febreiro de 1920. Antes do seu pasamento, o noso protagonista, aínda tería azos para engadir á procesión do Santo Enterro dúas novas imaxes: O San Xoán, de Tena, en 1909, que foi sufragado por subscrición popular e a fermosa imaxe de María de Magdala (A Magdalena), regalada en 1916, pola freguesa Esperanza Fernández Mosteiro de Dopico.

As novas imaxes viñeron a complementar ás existentes e supuxeron unha importante renovación da imaxinería local. A isto hai que sumar o crecente luxo con que se renovan e acompañan outros elementos procesionais, polo xeral obxeco de doazón dalgún devoto ou devota: insignias da paixón en ébano, prata, esmaltes e sobredourados; xoias; mantos; vestidos primorosamente bordados; estandartes; andas, etc. A barroca “Virxe das Dores” pasa a desfilar vestida cun manto traído dende as Filipinas coloniais por Joaquín del Río; a relixiosa Rita Lago Robles Jarel, fundadora do Colexio de Cristo Rei, manda fundir as súas alfaias para facer unha coroa e unha espada que lle atravesese o peito á imaxe desa Virxe...

Agora ben, compre non esquecer que durante os anos vinte e trinta do pasado século a Semana Santa de Viveiro, aínda sendo das máis importantes da provincia, non tiña nin moito menos a proxección actual. Pensemos que daquela as andas eran máis pequenas e tiñan menos peso, polo que podían ser portadas por un menor número de levadores, que eran polo xeral artesáns, mariñeiros, acólitos ou clérigos. Ademais, as procesións estaban moi condicionadas pola propia estreiteira das rúas medievais da vila, pois aínda que xa existía o malecón e os recheos da Travesía, haberá que agardar ata mediados dos anos corenta para ver os desfiles pola parte do ensanche.

Facendo unha rápida análise das fotografías conservadas da Semana Santa de principios e mediados do

pasado século podemos comprobar como as celebracións naquelas datas eran de grande austeridade, destacando a humildade das andas e a ausencia de todo tipo de hábitos tales nos levadores, que ían vestidos de traxe, polo xeral. Non menos curiosa resultaba a presenza de moitos nenos ataviados de primeira comunión ou de “marineritos”, de neoiras cos meniños no colo vestidos de branco e toda unha marea de mulleres das parroquias próximas, coas súas pañoletas enloitadas ou brancas con flores estampadas, as afamadas “portuguesas”!

Os primeiros hábitos de veludo negro cubertos con “capirotes” para tapar a faciana e arrastrando longa cola, non se estrearon ata mediados dos anos vinte, o que nos dá unha clara idea da austeridade daqueles tempos. Realmente, a Semana Santa de entón tiña moito de entrañable e familiar, con moitas tradicións e ritos que ou ben desapareceron ou chegaron á actualidade.

En Viveiro sigue manténdose o costume por parte dos rapaces e rapazas de xuntarse para a celebración dos oficios e bendicións propios do Domingo de Ramos. Cada un leva un ramo de loureiro ou unha palma o máis grande posible, xunto cuns pequenos ramos de oliveira. Na miña nenez, antes da bendición, sempre se montaba unha batalla campal cos ramos ao tempo que se petaba con eles con toda a forza no chan, co cabreo conseguinte do entón párroco Francisco Fraga, que co seu vozerón berraba: esos niños!!!...

Logo de seren benditos os ramos era frecuente gardar unhas ramiñas para poñelas na cabeceira da cama, utilizándoas para queimar durante as treboadas. É tamén usual, aínda que ultimamente estase perdendo, o feito de colocar as palmas no balcóns das casas ou no alto dos barcos con fins precautorios, ata a Pascua seguinte.

Outra tradición que hoxe está infelizmente perdida ten a ver co “Ofi-

cio de Tebras”, o día de Mércores Santo, cando os rapaces armaban un estrondo enorme coas súas carracas e martabelas, como tan ben nos ten contado o escritor Francisco Leal Insua no seu libro Pastor Díaz, príncipe del romanticismo:

“Cuando se apaga la última vela del tenebrario de una de las parroquias, la chiquillería corre a la otra e irrumpe en el templo derribando los reclinatorios por que en este día la liturgia admite sus rebeldías para que los Santos se entristezcan con los sufrimientos del Señor tras la penitencia de los paños que tapan los altares”.

Emotiva, resultaba, igualmente, a montaxe do monumento ou sepulcro de Cristo, tanto nas igrexas parroquiais e conventuais como na desaparecida capela do Hospital da Caridade. Para o alumado do monumento as mulleres achegaban artísticas velas que ao remate da Semana Santa se recollían para as ocasións especiais.

Curioso semellaba tamén o costume, hoxe desaparecido, de cantar “motetes” ao paso da Virxe, sempre con acompañamento musical. Ademais da bendición do Lume Novo, do Cirio Pascual e da auga e pía bautismais, no Sábado Santo, na parroquia de Covas celebrábase a afamada feira do Luns de Pascua, existindo o costume de comer ese día grandes cantidades de percebes.

Entre os moitos recordos que conservo da miña xa lonxana nenez viveiresa estou vendo ao popular Heriberto Insua de “heraldo”, tocando a corneta na mañanciña do Encontro, en todas e cada unha das portas da vila, corneta que afinaba a base de regala cunhas copiñas de caña e anís nas tabernas da ribeira. Tampouco esqueceréi o día no que o recordado amigo Toñín Colosía me ensinou unha carpetiña de ule cunhas contadas da Orde Terceira, que conservaba na súa casa, e, onde se anotaban os gastos do Encontro dicindo, coa

maior das inxenuidades, algo así como: “Por hacer llorar a la Virgen... tanto; por tirar a Cristo en la plaza... tantas pesetas”.

No mantemento da Semana Santa nas primeiras décadas do século XX tamén tiveron moita importancia as recen constituídas seccións locais da “Juventud Católica” (1ª época, 1915) e da “Adoración Nocturna (1916), institución esta última que fora fundada a nivel estatal na decimónona centuria polo viveirés Luis Trelles Noguero.

Durante o sexenio republicano (1931—36), a Semana Santa da localidade veuse suxeita aos vaivéns políticos do momento, así como a un efervescente e crecente anticlericalismo que terá a súa máxima manifestación na suspensión das procesións e pasos da Semana Santa de 1936, en previsión de posibles disturbios públicos. A posterior guerra incivil coas consecuencias tráxicas que orixinou afondaría aínda máis os rancores, e

as feridas tardarían moitos anos en curarse.

O NACEMENTO DAS CONFRARÍAS PENITENCIAIS NA DÉCADA DOS CORENTA

Foi claro obxectivo da Semana Santa viveiresa nos primeiros anos 40 o fomento da participación masculina nos actos e desfiles procesionais. De feito, a partir de 1942 estableceuse por vez primeira un “vía-crucis dos homes”, que comezou facéndose na noite de Xoves Santo, máis que actualmente se realiza na do Mércores.

En 1944, a Semana Santa local tomou un novo impulso, despois de que un grupo de xoves terciarios franciscanos e confrades do Rosario decidiran dinamizala. No mesmo ano fundouse a “Confraría do Santísimo Cristo da Piedade”, formada polos comerciantes e industriais da localidade.

Logo da elección dos órganos directivos e da redacción dos estatutos, os confrades decidiron ter un paso titular que puidese desfilar nas procesións do ano seguinte. O encargado de realizar a imaxe, inspirada no Cristo Xacente de G. Dupré, sería o mestre tallista compostelán José Rivas, que cobraría polo seu traballo nove mil pesetas, pagables en tres prazos, o que sumado ás catro mil duasetas pesetas que custaría a anda, realizada por José Otero, ascendía nada máis e nada menos que a un total de trece mil duasetas pesetas da época.

Este grandísimo esforzo económico, naqueles momentos difíciles de racionamentos e “estraperlos”, obrigou a tomar iniciativas novidasas como a busca de novos confrades e protectores honorarios como o ministro de Traballo daquel entón José Antonio Girón ou o xeral viveirés Cora Lira, entre outros.

“SAN JUAN” • 1909 (STMO. ROSARIO) – FOTOGRAFÍA: ANDRÉS BASANTA



O esforzo realizado daría axiña os seus froitos. Na Semana Santa de 1945, coincidindo coa estrea do novo paso procesional, a afluencia de visitantes foi masiva. O grupo escultórico do “Cristo da Piedade” saíu acompañado por corenta e cinco penitentes, que vestían capirote branco e túnica negra co emblema da confraría. Repárase que en adiante cada confraría levará no seu vestiario os distintos cores da paixón.

O trono, que ía iluminado con luz eléctrica, foi levado a lombos por vinte e catro confrades. Nesta edición tamén fixeron a súa presentación pública os compoñentes dos “Flechas Navais” da localidade, coa súa banda de cornetas e tambores.

Ao ano seguinte, un grupo de estudantes e empregados constituíron a “Irmandade do Prendemento” (1946), filial da “Confraría do Cristo da Piedade”. O grupo escultórico titular da irmandade, “O bico de Xudas”, foi esculpido tamén en Santiago no taller de José Rivas e tivo un custe de once mil pesetas, desfilando por vez primeira o Domingo de Ramos de 1947. A nova irmandade utilizará capa e capirote brancos, con hábito de cor vermella que leva bordado o emblema. Popularmente, os membros desta irmandade son coñecidos como “os chacarreros”, debido á coincidencia das cores dos hábitos cuns actores dunha compañía dramática que actuaba por aquel entón no desaparecido “Teatro Moderno” da localidade.

Por estas datas, a Semana Santa de Viveiro, xa realizaba un importante esforzo publicitario, enviando carteis anunciadores a toda Galicia. En 1947 comezaría a publicarse a revista *Pregón*, que tanto influiría tamén dende o punto de vista propagandístico e que levaba curiosamente o mesmo título da revista que dirixía polas mesmas datas, en Iruña—Pamplona, o escritor mindoniense Xosé Díaz Jácome.

A intensa publicidade realizada serviu para atraer como visitan-

tes a un grande número de familias, dende Ferrol a Castropol, así como a moitos viveireses da emigración e a non poucos madrileños que veraneaban na localidade.

Na Semana Santa de 1948 continuarían producíndose novidades importantes, como foi o caso da estrea do fermoso paso da “Borriquita” na procesión do Domingo de Ramos, obra de José Rivas, que foi doada pola señora María Cora Lira.

Debido á crecente sona que ía acadando a Semana Santa local, os operadores de “Peñalara Films” rodaron varias reportaxes para dalas a coñecer por toda España e América e a prensa diaria tamén comezou a falar do evento como un compendio maxistral de arte e fe.

Outro acto de certa importancia recuperado nesta época, pois había varias décadas que non se celebraba, foi o “Sermón das Sete Palabras”, organizado inicialmente pola “Confraría do Santísimo Cristo da Piedade” e posteriormente pola recen creada “Irmandade das Sete Palabras”.

NOVAS CONFRARÍAS NOS 50 E 60

Dadas as grandes necesidades que xeraba a organización dunha Semana Santa que non cesaba de medrar e que requiría cada vez máis nutridas contribucións económicas e continxentes humanos, dende a “Confraría do Cristo da Piedade” considerouse a posibilidade de constituír outra filial coa finalidade de organizar o “Sermón das Sete Palabras” e o “Vía Crucis dos homes”. É así como se constitúe en 1951 a “Irmandade das Sete Palabras”, que tivo por obxectivo inmediato completar o grupo escultórico do “Calvario”, coa realización das imaxes dos dous ladróns, Dimas e Xestas. Logo de diversos estudos, propostas e contra-propostas, decidiron encargalos no taller compostelán dos irmáns Rodríguez Puente, que se comprometeron a realizar ambas esculturas pola cantidade de nove mil pesetas.

Novidades non menos interesantes foron os novos fachóns eléctricos, que estreou o paso da “Irmandade do Prendemento”, ou a formación dunha escuadra de soldados romanos con indumentaria da época, deseñada polo artista Ramón Barro. A nova formación daría lugar á aparición do dito cómico popular: “¡Que traballen os romanos, que teñen o peito de lata!”.

En 1953 constituíriase a “Irmandade da Santa Cruz”, nova filial da “Confraría do Cristo da Piedade”. Esta nova irmandade acollerá exclusivamente mulleres, que irán nos desfiles ataviadas coa clásica mantilla española. A estrea procesionaria aconteceu ao ano seguinte, desfilando co paso da “Cruz Espida” na procesión da Paixón. Cómpre clarexar que o “Vía Crucis das mulleres” celébrase o Martes Santo dentro da igrexa de San Francisco.

Con respecto ás vestimentas e á espectacularidade dos pasos é notoria a influencia que exerceron os nazarenos ferroláns e os afamados *marrrajos* e *californios* de Cartagena, así como a influencia andaluza nos alumeados das andas, realizadas por Antonio Bonet Molina durante a súa estada circunstancial na localidade.

En 1965 o NO—DO deu cumprimento a noticia nas pantallas cinematográficas dos nosos desfiles procesionais. Con este novo reponte da celebración relixiosa coincide a aparición da nova Banda de Música viveiresa, que acompañará ás procesións coas melódicas notas de Chopin. Por estas datas continuaron enriquecéndose os pasos procesionais. Algúns moi significativos deixan de levarse ao lombo, como “O bico de Xudas”, para saíren montados nunha plataforma con rodas. Outra novidade importante deste período é a mudanza de escenario para a celebración do “Sermón das Sete Palabras”, que pasou da Praza Maior ao interior da Igrexa parroquial de Santiago—San Francisco. Perdeu así en espectacularidade e vistosidade o que gañou en recoñecemento e fervor.

ANOS DE TRANSICIÓN

Os anos setenta, coñecidos como os da transición política en España, foron tempos de cambios en todos os sentidos. De feito, as confrarías pasaron entón por serios problemas económicos, motivo polo que se viron obrigadas a recorrer a diversos aportes monetarios.

Ademais, como os pasos eran cada vez máis pesados e espectaculars, precisábanse moitos levadores que cobraban polo labor realizado, de maneira que se encarecía grandemente a saída dos desfiles procesionais. A existencia destas “collas” remuneradas deu lugar a certos excesos, producidos sobre todo polo costume de levar bebidas alcohólicas debaixo das andas, o que provocaba que algunhas procesións transcorresen “entre o surrealismo e a blasfemia”, como tan ben escribiu Perfecto Parapar Trasancos nun fermoso artigo intitulado “Levadores”, publicado na revista *Pregón* en 2003.

Esta situación, propia dos inicios desta década, comezaría a superarse logo dun plante dos levadores que se negaban a portar as imaxes se non se lles pagaba máis. A protesta, curiosamente, rematou con efecto contrario ao procurado, ao aceptar os máis novos seguir facendo o seu labor de xeito totalmente gratuíto e voluntario. Logo desta crise, a Semana Santa local sería asumida en adiante definitivamente por todos os viveireses como algo propio e representativo de todas as clases sociais.

DA DÉCADA DOS OITENTA Á ACTUALIDADE

Xa para ir rematando tan só dairei unhas pinceladas dende os anos oitenta á actualidade, pois é historia recente é moito máis coñecida. Os anos oitenta supuxeron a consagración definitiva da Semana Santa de Viveiro, que traspasaría o ámbito galego coa declaración de “Interese Turístico”, obtida en 1988.

Grazas á abundancia de levadores voluntarios e gratuítos as confrarías e irmandades puideron realizar un aforro moi estimable que utilizaron para a mellora de imaxes e pasos procesionais. Agora hai grupos de levadores que deixan o seu posto reservado dun ano ata o seguinte, sendo tan grande a competencia existente entre os mesmos que resulta difícil levar un paso, como non sexa por un ofrecemento ou unha causa similar, pese a que actualmente pasos como o “Prendemento” e o grupo escultórico das “Sete Palabras” pasaron a seren transportados a lombos, aumentando a súa espectacularidade e a paixón dos espectadores.

Coa declaración de Interese Turístico, multiplicáronse tamén as posibilidades propagandísticas, sendo habituais as proxeccións radiofónicas e televisivas, así como a grande afluencia de visitantes. A competencia entre as distintas confrarías, que contan na actualidade con centos de confrades, axuda a mellorar anualmente os distintos pasos.

Nos 80 constituíuse unha nova confraría, a do “Nazareno dos de Fóra”, que agrupa a diversos viveireses emigrados que regresan puntualmente a Viveiro para portar na procesión do “Prendemento” a imaxe do “Sagrado Corazón”, convertido en “Ecce-Homo”.

Dando un paso máis ao entramado organizativo da celebración, na década dos noventa fundouse a chamada “Xunta de Confrarías”, coa finalidade de coordinar os traballos de organización e desenvolver distintos actos culturais a través do Programa Adral.

Outra novidade importante foi a incorporación das mulleres como levadoras en distintas confrarías, como a da “Piedade”. Con todo, onde o fenómeno tivo un maior impacto foi na “Irmandade da Santa Cruz”, constituída exclusivamente por mulleres que portan a imaxe de “María ao Pé da Cruz”, cedida pola “Confraría do Rosario”. A mesma Irmandade, que celebraba o “Vía

Crucis das mulleres” dentro da igrexa ou dos claustros de San Francisco, tamén se decidiu a realizalo dende o 2003 polas rúas de Viveiro.

No ano 2005 aínda se crearía unha nova procesión: o “Vía Lucis” ou “Cristo Resucitado”, que desfila na tarde do Domingo de Resurrección, acompañada pola imaxe de “Nosa Señora do Camiño da Luz”, obras ambas do artista compostelán Leopoldo Rodríguez.

Finalmente, no ano 2006 constituíuse a Confraría da Misericordia, que desfila coa imaxe do Ecce-Homo, na procesión da Paixón.

Entre as moitas novidades que se presentan nesta Semana Santa, debemos destacar o paso das “Negacións de San Pedro”, obra do mestre tallista cordobés Antonio Bernal Redondo, a imaxe de “Nosa Sra. Da Clemencia” de Francisco Gijón e a “Virxe da Esperanza da Resurrección” da autoría de Francisco Romero Zafra, con traxe e mantos bordados por Antonio Villar Moreno.

E xa para rematar tan só resta pedirvos un ben merecido aplauso para todas e todos os que dun xeito anónimo e totalmente desinteresado realizan todos os labores conducentes para que a nosa Semana Santa reverdeza mil primaveras máis.



